

CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA LEADER 2007 – 2013



GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL – 3 ASOCIACIÓN MONTES E VALES

ÍNDICE

1.- PRAZO DE ADMISIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA.....	3
2.- BENEFICIARIOS.....	3
2.1. Requerimentos dos beneficiarios.....	3
2.1.1 requerimentos xerais.....	3
2.1.2. requerimentos adicionais.....	4
3.- LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA.....	6
4.- RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA.....	8
5.- TERRITORIO ELEXIBLE PARA O GDR3	8
6.- CADRO FINANCEIRO	9
7.- BAREMO PARA A VALORACIÓN DOS PROXECTOS	10

1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA.

A convocatoria de axudas do programa LEADER GALICIA 2007 – 2013 para o GDR -3 Asociación Montes e Vales farase para todo o periodo de actividade, tendo en conta que a data de solicitudes comeza o 9 de decembro de 2009 e remata o 1 de Setembro de 2013.

2.- BENEFICIARIOS.

Con carácter xeral poderán ter a condición de beneficiarios:

- As persoas físicas
- As persoas xurídicas de carácter privado:
 - Sociedade Laboral
 - Sociedade Mercantil
 - Sociedade Civil
 - Sociedade Agraria de Transformación
 - Cooperativa
 - Asociación
 - Fundación
 - Grupo de Desenvolvemento Rural
 - Outros
- As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores
- As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Os promotores non precisan formar parte do GDR para obter financiamento do programa LEADER.

2.1. REQUERIMENTOS DOS BENEFICIARIOS

2.1.1. Requerimentos xerais

Os beneficiarios dos proxectos elixibles deberán de cumprir os seguintes requisitos xerais:

a) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración Xeral do Estado, coa Seguridade Social, e non ter pendente de pagamento débeda por ningún concepto coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.

b) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos *parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* (LSG).

c) Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía dos proxectos, se especifican para cada medida.

- En ningún caso se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición establecida para estas no *artigo 1, apartado 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008 (Regulamento xeral de exención por categorías)*.
- No marco das medidas amparadas no *Regulamento xeral de exención por categorías*, non se concederán axudas a favor de empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente logo dunha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

2.1.2. Requerimentos adicionais

Os beneficiarios que presenten proxectos elixibles enmarcados nas medidas 4.1.1. e 4.1.3. terán os seguintes requerimentos adicionais:

Medida 4.1.1. Dinamización do sector agrario e forestal.

• Cumprir o requisito de Peme, nos termos regulados no *Anexo I do Regulamento nº(CE) 800/2008, do 8 de agosto*, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos *artigos 87 e 88 do Tratado (en adiante, Regulamento xeral de exención por categorías)*:

- Empregar a menos de 250 persoas.
- Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balanxo xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.

- Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

O cumprimento desta condición exceptúase para as entidades públicas locais, e para os promotores de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías.

- No sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando a transformación e/ou comercialización dea lugar a un produto incluído no *anexo I do Tratado da UE*, poderán ser beneficiarias as empresas intermedias. Teñen a consideración de empresas intermedias as que empregan a menos de 750 persoas e teñen un volume de negocios anual inferior a 200 millóns de euros.

- No sector da transformación e comercialización de produtos forestais a condición de beneficiario restrínxese ás microempresas. De acordo co anexo I do Regulamento Xeral de exención por categorías, teñen a consideración de microempresas aquelas empresas que ocupan a menos de 10 empregados e cun volume de negocios anual ou un balanço xeral anual que non supera os 2 millóns de euros.

Medida 4.1.3. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

- Cumprir o requisito de Peme nos termos regulados no Regulamento xeral de exención por categorías:

- Empregar a menos de 250 persoas.
- Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balanço xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
- Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

O cumprimento desta condición exceptúase para as entidades públicas locais e para os beneficiarios das axudas a proxectos non produtivos.

- No caso de proxectos de diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias, os beneficiarios serán exclusivamente os membros dunha unidade familiar ligada a unha explotación agraria, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, con excepción dos traballadores agrarios. Nos casos nos que un membro da unidade familiar da explotación sexa unha persoa xurídica ou un grupo de persoas xurídicas, ese membro debe exercer unha actividade agrícola na explotación no momento que se presente a solicitude de axuda.

3.- LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA.

Os promotores deberán presentar, por rexistro de entrada, na oficina de atención ao público do GDR-3 Asociación Montes e Vales sita en:

- Avda Galicia, 36 27100 A Fonsagrada

a documentación que de seguido se relaciona:

1) Solicitude de axuda en triplicado exemplar, segundo modelo normalizado que estará ao dispor dos interesados nas oficinas do GDR-3.

2) Documentación (orixinal ou copia compulsada):

a) Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF). De ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.

b) Declaración censal tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

c) Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos sociais, debidamente inscritos no rexistro correspondente.

d) Documentación acreditativa do requisito de PEME (ou de empresa intermedia, de ser o caso): últimas contas depositadas no rexistro

correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual.

e) No caso de que o proxecto supoña a creación ou mantemento de emprego debe achegarse Informe da Vida Laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, referido ao ano inmediatamente anterior ao da presentación da solicitude así como os recibos de pagamento dos autónomos da empresa.

f) Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás *axudas de minimis* segundo o modelo.

g) Resumo do proxecto en documento normalizado (modelo). Se se estima conveniente, poderá achegarse unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión, tendo en conta que esta documentación se vai tomar como referencia para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para a súa baremación.

h) Orzamento de gastos necesarios para a execución do proxecto desagregado por partidas, con indicación, de ser o caso, daquelas que supoñan unha achega en especie, segundo documento normalizado.

i) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía dos 30.000 € no suposto de obra civil ou os 12.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizárase de acordo cos criterios de eficacia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa (modelo).

As entidades públicas de carácter local ou comarcal, na medida en que están suxeitas á *Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público*, poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.

l) Para proxectos produtivos, plan de empresa, coa xustificación da súa viabilidade económica e financeira para un período mínimo de 5 anos.

m) Para proxectos non produtivos, plan de xestión, segundo os documentos normalizados.

n) De ser o caso, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.

o) No suposto de investimentos no sector agrario, código de explotación agraria.

p) Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria da que sexa titular o promotor onde desexa que se lle abone a axuda.

q) Calquera outra documentación ou información que o interesado considere interesante para a análise do proxecto.

Os documentos normalizados precisos para a solicitude das axudas están a disposición das interesadas ou interesados nas oficinas da Asociación Montes e Vales da A Fonsagrada e de Meira.

4.- RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA .

O programa LEADER 2007-2013 réxese polo Réxime de Axudas publicado, xunto coas Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento

rural, na “Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección”. **DOG nº 115, luns 16 de xuño de 2008**, e pola súa modificación publicada no **DOG Nº 15 do Xoves, 22 de xaneiro de 2009**.

O réxime de axudas está dispoñible para a súa consulta nas oficinas do GDR -3, ou na páxina web de AGADER <http://agader.xunta.es>

5.-TERRITORIO ELEXIBLE DO LEADER 2007-2013 PARA O GDR -3

ASOCIACIÓN MONTES E VALES

O ámbito territorial cuberto polo Programa LEADER 2007-2013 para o GDR-3 correspóndese co ocupado polos concellos de A Fonsagrada, Negueira de Muñiz, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Riotorto, Meira, Baleira e Pol.

6.- CADRO FINANCEIRO

O orzamento público para a aplicación do Programa LEADER 2007-2013 no ámbito territorial do GDR-3 é o importe da subvención asignada no acordo do **Consello de Dirección de Agader do 23 de Decembro de 2008** para o Programa de Desenvolvemento Rural do GDR-3 Asociación Montes e Vales. O citado orzamento (Anexo II: Cadro financeiro), constitúe o marco financeiro en relación ao que o GDR-3 seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos do Programa. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e dos gastos vinculados ás actuacións de adquisición de capacidades e de promoción do territorio. Existe un orzamento máximo por tipoloxía de proxecto, dependendo de se o proxecto é produtivo ou non produtivo.

Terán a consideración de **proxectos non produtivos** aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a

unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueles outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro. Serán **proxectos produtivos** os demais.

O importe total do devandito orzamento poderá variar como consecuencia da asignación da **reserva de eficacia**, segundo o previsto na epígrafe VII das bases reguladoras da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras (polo que o programa alcanzaría o orzamento total de 4.273.025 €), das **modificacións do PDR**, de **reprogramacións do programa do GDR**, da **redistribución de fondos** entre programas dos GDR, **do incumprimento da regra n+2** ou doutros supostos similares.

VÉXASE O CADRO FINANCIERO COMO ANEXO II

7.- BAREMO PARA A VALORACIÓN DOS PROXECTOS

Unha vez que o promotor presente no GDR a súa solicitude de axuda, xunto coa documentación necesaria para a súa admisión, o GDR procederá a elaborar o **Informe de Control de Elixibilidade (ICE)** co resultado da avaliación e baremación do proxecto. O ICE informará de se o proxecto é elixible e da súa puntuación total para a posterior asignación da porcentaxe de axuda. Para a realización do ICE aplicarase o **BAREMO** aprobado por AGADER. Existe un baremo diferenciado para proxectos produtivos e para proxectos non produtivos.

ANEXO I

BAREMO DE PROXECTOS

PROXECTOS PRODUTIVOS

1.SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO	40 puntos
---	------------------

1.1. IMRF DO CONCELLO	10 puntos
IMRF inferior ou igual ao 80% da media galega: NEGUEIRA DE MUÑOZ	10
IMRF maior ao 80% e menor ou igual ao 85%: BALEIRA	8
IMRF maior ao 85% e menor ou igual ao 90%: POL	6
IMRF maior ao 90% e menor ou igual ao 95%: RIBEIRA DE PIQUIN, A FONSAGRADA E MEIRA	4
IMRF maior ao 95% e menor ou igual ao 100%: A PONTENOVA	2
IMRF maior ao 100%: RIOTORTO	0
1.2. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS	10 puntos
Concellos cunha perda de poboación $\geq 10\%$: RIBEIRA DE PIQUIN, RIOTORTO E BALEIRA	10
Perda de poboación $\geq 8\%$ e $< 10\%$: A FONSAGRADA, A PONTENOVA E POL	8
Perda de poboación $\geq 5\%$ e $< 8\%$: NEGUEIRA DE MUÑOZ	6
Perda de poboación $\geq 0\%$ e $< 5\%$: MEIRA	4
Concellos que incrementen a poboación	0
1.3. NUCLEO/PARROQUIA	10 puntos
Nucleo ≤ 50 hab	10
50 hab $<$ Nucleo ≤ 100 hab	8
100 hab $<$ Nucleo ≤ 250 hab	6
250 hab $<$ Nucleo ≤ 1000 hab	4
1000 hab $<$ Nucleo < 2500 hab	2
Nucleo ≥ 2500 hab	0
1.4. DISTANCIA DO NUCLEO A POBOACIÓN > 1000 hab (Desde o centro da parroquia)	10 puntos
Distancia ≥ 20 Km	10
15 Km $\leq$ Distancia < 20 Km	8
10 Km $\leq$ Distancia < 15 Km	6
Distancia < 10 Km	4
2. CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO	10 puntos
2.1. FORMA XURÍDICA DO PROMOTOR (A ELEXIR UNHA)	6 puntos
2.1.1. Persoa física	Ata 6 puntos
Muller:	2
Mozos/as (≤ 40 anos) ou maior de 50 anos:	2
Con discapacidade:	2
2.1.2. Persoas xurídicas	Ata 6 puntos
2.1.2.1. Cooperativas, SAT, SC ou CMVMC	3 puntos
2.1.2.2. Outras formas xurídicas : peso ($\geq 50\%$) na participación social	Ata 3 puntos
Mulleres	1
Mozos/Mozas	1
Persoas con Discapacidade	1
2.3. EMPREGO DO GALEGO POR PARTE DO PROMOTOR	4 puntos
3. INCIDENCIA DO EMPREGO	25 puntos

3.1 VOLUME DE EMPREGO CREADO EN RELACION AO INVESTIMENTO	Max. 15 puntos
---	-----------------------

Valor= (investimento total admitido/nº postos creados) / 100.000

valor ≤ 0.25	15 puntos
0.5 ≥ valor > 0.25	12 puntos
0.75 ≥ valor > 0.5	8 puntos
1.5 ≥ valor > 0.75	6 puntos
3 ≥ valor > 1.5	4 puntos
4.5 ≥ valor > 3	2 puntos
valor > 4.5	0 puntos

3.2 INCIDENCIA DE CREACIÓN DE EMPREGOS EN DETERMINADOS COLECTIVOS	Ata 10 puntos
--	----------------------

Por cada mozo/a ou maior de 50 anos	1.5
Por cada empregado con discapacidade	2
Por cada muller empregada	1.5

4. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	25 puntos
--------------------------------------	------------------

4.1 CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO	Ata 12 puntos
---	----------------------

4.1.1. Proxectos que transformen ≥ 25% de inputs da zona do GDR3 na execución	6 puntos
4.1.2. Capacidade de xurdimento doutras iniciativas en función do investimento:	
15000€ ≤ Investimento < 60000€	2 puntos
60000€ ≤ Investimento < 120000€	4 puntos
Investimento ≥ 120000 €	6 puntos

4.2 INCIDENCIA AMBIENTAL (Criterios acumulables)	Ata 8 puntos
---	---------------------

O obxectivo principal do proxecto é o emprego de enerxías renovables ou a redución, reciclaxe ou reutilización de residuos xerados no territorio do GDR3	4 puntos
O obxectivo principal do proxecto é a valorización, recuperación ambiental e/ou xestión sostible dos ríos ou as súas ribeiras	4 puntos
Proxectos nos que como mínimo o 15 % da enerxía instalada procede de enerxías renovables	2 puntos
Proxectos nos que se eliminan impactos visuais	2 puntos

4.3. CRITERIOS PROPIOS DO GDR3	Ata 5 puntos
---------------------------------------	---------------------

Proxectos de prestación de servizos á poboación rural que contribúan á mellora de colectivos como persoas maiores, discapacitados ou outros en risco de exclusión	5 puntos
Proxectos que conleven o emprego de TIC's para o seu desenvolvemento	5 puntos

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

1.SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO		40 puntos
1.1. IMRF DO CONCELLO		10 puntos
IMRF inferior ou igual ao 80%da media galega: NEGUEIRA DE MUÑIZ		10
IMRF maior ao 80% e menor ou igual ao 85%: BALEIRA		8
IMRF maior ao 85% e menor ou igual ao 90%: POL		6
MRF maior ao 90% e menor ou igual ao 95%:RIBEIRA DE PIQUIN, A FONSAGRADA E MEIRA		4
IMRF maior ao 95% e menor ou igual ao 100%: A PONTENOVA		2
IMRF maior ao 100%RIOTORTO		0
1.2. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS		10 puntos
Concellos cunha perda de poboación $\geq 10\%$: RIBEIRA DE PIQUIN, RIOTORTO E BALEIRA		10
Perda de pobaoción $\geq 8\%$ e $< 10\%$:A FONSAGRADA, A PONTENOVA E POL		8
Perda de poboación $\geq 5\%$ e $< 8\%$:NEGUEIRA DE MUÑIZ		6
Perda de poboación $\geq 0\%$ e $< 5\%$: MEIRA		4
Concellos que incrementen a poboación		0
1.3. NUCLEO/PARROQUIA		10 puntos
Nucleo ≤ 50 hab		10
50 hab $<$ Nucleo ≤ 100 hab		8
100 hab $<$ Nucleo ≤ 250 hab		6
250 hab $<$ Nucleo ≤ 1000 hab		4
1000 hab $<$ Nucleo < 2500 hab		2
Nucleo ≥ 2500 hab		0
1.4. DISTACIA DO NUCLEO A POBOACIÓN > 1000 hab (Desde o centro da parroquia)		10 puntos
Distancia ≥ 20 Km		10
15 Km $\leq$ Distancia < 20 Km		8
10 Km $\leq$ Distancia < 15 Km		6
Distancia < 10 Km		4
2.CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E ÁMBITO DA ACTUACIÓN		20 puntos
2.1. PROXECTO DE PROMOCIÓN PRIVADA		10 puntos
Por cada entidade na que $\geq 50\%$ sexan mulleres		3
Por cada entidade na que $\geq 50\%$ sexan mozos/as ou maiores de 50 anos		3
Por cada entidade na que $\geq 25\%$ sexan discapacitados		4
2.2. PROXECTOS DE PROMOCIÓN PÚBLICA		10 puntos
Proxectos de ámbito supramunicipal no que participen dous ou mais concellos do GDR3		4 por concello
2.3.PARTICIPACIÓN DE VARIAS ENTIDADES (PRIVADAS OU PÚBLICAS)		5 puntos
2.4. UTILIZACION DO GALEGO POR PARTE DO PROMOTOR		5 puntos

3. IMPACTO SOBRE O TERRITORIO		40 puntos
3.1. PRIORIDADE DO PROXECTO		12 puntos
Proxecto incluído na categoría de prioridade alta		12
Proxecto incluído na categoría de prioridade media		8
Proxecto incluído na categoría de prioridade baixa		6
3.2 POTENCIALIDADE PARA FAVORECER NOVAS INICIATIVAS E EMPREGO		12 puntos
En función do investimento:		Ata 8 puntos
6000 € ≤ Investimento < 20000 €		2
20000 € ≤ Investimento < 40000 €		4
40000 € ≤ Investimento < 60000 €		6
Investimento ≥ 60000 €		8
Proxectos que posibiliten a creación de emprego:		Ata 4 puntos
Por cada 0,25 empregos creados		1.25
3.3. INCIDENCIA NA MELLORA AMBIENTAL (Criterios acumulables)		Ata 8 puntos
O obxectivo principal do proxecto é o emprego de enerxías renovables ou a redución, reciclaxe ou reutilización de residuos xerados no territorio do GDR3		4 puntos
O obxectivo principal do proxecto é a valorización, recuperación ambiental e/ou xestión sostible dos ríos ou as súas ribeiras		4 puntos
Proxectos nos que como mínimo o 15 % da enerxía instalada procede de enerxías renovables		2 puntos
Eliminación de impactos visuais		2 puntos
3.4. INCIDENCIA SOBRE DETERMINADOS COLECTIVOS		Ata 8 puntos
Proxectos que teñan como obxectivo prioritario a inclusión social ou laboral de (acumulables):		
Mulleres		2
Persoas con discapacidade		2
Mozos/as ou maiores de 50 anos		2
Colectivos en risco de exclusión social		2

REGRAS PARA A ASIGNACION DAS PORCENTAXES DE AXUDA PÚBLICA

1. PROXECTOS PRODUCTIVOS

A puntuación mínima que deberá de acadar un **proxecto productivo** para ser subvencionado será de **25 puntos**.

A porcentaxe de axuda para proxectos produtivos con puntuación mínima será dun **30%**. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima (como regra xeral é do 45%) será de **65 puntos**.

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (25 e 65 puntos respectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustando esa porcentaxe a dous decimais, de xeito que para o caso xeral, no que a axuda máxima é do 45%, por cada punto obtido no baremo a partires de 25, lle corresponderá unha porcentaxe de axuda do **0.375%**.

2. PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

A puntuación mínima que deberá de acadar un proxecto **non productivo** para ser subvencionado será de **35 puntos**, mentres que a axuda máxima se obterá con **75 puntos**.

A porcentaxe de axuda para proxectos non produtivos con puntuación mínima será do **60%** da subvención máxima permitida por AGADER para cada tipo de proxectos, de tal maneira que con 35 puntos se acadarán unhas axudas mínimas de:

- Para proxectos de prioridade alta: **60 %**
- Para proxectos de prioridade media: **42 %**
- Para outros proxectos non produtivos: **30 %**

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (35 e 75 puntos respectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustando esa porcentaxe a dous decimais. Deste xeito, para cada tipo de proxecto, teremos os seguintes valores:

- Para proxectos de prioridade alta: **1% por cada punto a partir de 30.**
- Para proxectos de prioridade media: **0.7% por cada punto a partir de 30**
- Para outros proxectos non produtivos: **0.5% por cada punto a partir de 30.**

Para o cálculo da porcentaxe de subvención dos proxectos non produtivos terase en conta a clasificación que proporciona AGADER e que é a seguinte:

- **Proxectos non produtivos de prioridade alta.** Intensidade de axuda até o 100%: Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día). Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación. Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.
- **Proxectos non produtivos de prioridade media.** Intensidade de axuda até o 70%: Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural. Centros de promoción de recursos e puntos de información turística. Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.
- **Proxectos non produtivos de prioridade baixa.** Intensidade de axuda até o 50%: Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio. Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia. Sinalización de recursos turísticos. Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio. Instalacións hípicas ou cinexéticas. Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

Limitacións sectoriais propias do GDR3:

- Os proxectos de recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural promovidos por persoas físicas terán un investimento máximo aceptable por proxecto de 5.000 €
- Non serán subvencionables investimentos de creación de novas prazas de aloxamento en establecementos de turismo rural do grupo C.

ANEXO II
PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013
PLAN FINANCIERO
ASOCIACIÓN MONTES E VALES

GDR:

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Productivos	76.327,78	149.096,33	150.141,52	156.637,72	155.625,60	154.192,04	842.021,00
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non productivos	19.081,94	37.274,08	37.535,38	39.159,43	38.906,40	38.548,01	210.505,25
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Productivos	116.018,22	226.626,43	228.215,12	238.089,33	236.550,92	234.371,91	1.279.871,92
	Non productivos	42.997,98	83.990,93	84.579,72	88.239,25	87.669,09	86.861,52	474.338,50
	TOTAL	159.016,21	310.617,36	312.794,84	326.328,58	324.220,01	321.233,43	1.754.210,42
	Productivos	192.346,00	375.722,76	376.356,64	394.727,05	392.176,52	388.563,95	2.121.892,93
	Non productivos	62.079,93	121.265,02	122.115,11	127.398,68	126.575,49	125.409,53	684.843,75
	TOTAL	254.425,93	496.987,78	500.471,75	522.125,73	518.752,01	513.973,48	2.806.736,68
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	40.708,15	79.518,04	80.075,48	83.540,12	83.000,32	82.235,76	449.077,87
	Promoción	10.177,04	19.673,51	20.018,87	20.885,03	20.750,08	20.558,94	112.269,47
	TOTAL	50.885,19	99.397,56	100.094,35	104.425,15	103.750,40	102.794,70	561.347,34
	TOTAL PROGRAMA	305.311,12	596.385,33	600.566,09	626.550,88	622.502,41	616.768,18	3.368.084,01
		FEADER						
		AXE						
		XUNTA						
		1.938.669,16						
		721.411,67						
		708.003,18						

(1) A submedida 431a aparece cunha dotación prevista máxima equivalente ao 16% dos fondos destinados á estratexia. Nas anualidades 2008 e 2009 o GDR disporá do total da dotación prevista. Segundo se recolle no capítulo VII das bases reguladoras de selección de programas, para as anualidades 2010 a 2013 a dispoñibilidade inicial do GDR terá un importe equivalente ao 12% dos fondos da estratexia e en función do proceso de avaliación do traballo do grupo poderán autorizarse unha porcentaxe superior ao 12% inicialmente previsto, sempre co tope do 16%.